

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A ORGANIZACIÓN INTERPROFESIONAL PESQUEIRA INTERFISH-ESPAÑA PARA A PROMOCIÓN E A MELLORA DA COMERCIALIZACIÓN DA -QUENLLA (*Prionace glauca*) NO ANO 2023

En Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D. Antonio Basanta Fernández, en calidade de director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, actuando en nome e representación da Consellería do Mar, por delegación da conselleira, en virtude das facultades delegadas que lle confire a ORDE do 21 de febreiro de 2022, da mesma consellería, publicada no DOG núm. 41, do 1 de marzo e, de conformidade co Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

E doutra, D. Juan Carlos Martín Fragueiro, con DNI n.º 36029750 C, en representación da Organización Interprofesional Pesqueira INTERFISH-ESPAÑA, coas facultades recoñecidas no artigo 28 dos vixentes Estatutos da devandita Organización, aprobados polo Ministerio del Interior mediante Resolución de 18 de febreiro de 2022.

EXPOÑEN

PRIMEIRO:

Que a actividade pesqueira, marisqueira e acuícola é un dos principais motores da economía galega que sitúa a Galicia, pola riqueza da súa produción, como a primeira das comunidades pesqueiras da Unión Europea.

SEGUNDO:

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.

Neste sentido a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

Para poder acadar estes obxectivos, resaltar a importancia de que a administración galega identifique determinadas situacións puntuais que poidan comprometer a rendabilidade e incluso a viabilidade das empresas da cadea mar – industria Galega e colabore cos actores precisos para paliar os efectos nocivos destas situacións. No caso concreto da Quenlla (*Prionace glauca*), o histórico de datos de primeira venda na Comunidade Autónoma de Galicia mostra un descenso nos últimos 5 anos do 40% das capturas e un 30 % do valor económico respecto dos 5 anos anteriores.

TERCEIRO:

Que a Interfish-España, Organización Interprofesional Pesqueira, foi constituída en 2019 co obxecto de representar a toda a cadea de valor do produto pesqueiro para os que estea recoñecida (sector extractivo, transformador e comercializador) e que conta entre os seus fins:

- Abordar, de forma coordinada, todas aquelas cuestións relacionadas coas especies comerciais máis relevantes para os seus membros, integrando a cadea de valor do sector en favor de intereses comúns e creando sinerxías para superar os retos actuais, entre eles o fomento do consumo de produtos pesqueiros.
- Mellorar a coordinación e as condicións para poñer a disposición do mercado os produtos da pesca
- Difusión das súas propiedades, características e mellora da información ao consumidor.
- Facer visibles as actividades de produción, transformación e comercialización para potenciar o seu valor para o consumidor.
- Asegurar o bo funcionamento da cadea alimentaria e promover boas prácticas nas relacións entre os seus socios xa que son partícipes da cadea de valor.
- Actuar en representación do sector en relación cos asuntos nos que conflúen os intereses da produción, transformación e comercialización da quenlla azul (*Prionace glauca*).
- Fomento do consumo de produtos pesqueiros en xeral e máis concretamente da promoción da quenlla azul (*Prionace glauca*).
- Responsabilidade social, xestionando eficientemente todos os recursos empregados para garantir a sustentabilidade económica, social e ambiental.
- Desenvolver estudos para mellorar o coñecemento do mercado e a transparencia.
- Impulsar iniciativas de I+D+i, como ferramenta para mellorar a competitividade.
- Representación ante organismos públicos ou privados, no ámbito autonómico, estatal, comunitario e internacional, en defensa dos seus lexítimos intereses.

Sendo INTERFISH-ESPAÑA a única organización interprofesional no sector pesqueiro en España con capacidade para abordar, de forma coordinada, todas aquelas cuestións relacionadas coas especies comerciais máis relevantes para os seus membros, integrando a cadea de valor do sector en favor de intereses comúns e creando sinerxías para superar os retos actuais, entre eles o fomento do consumo de produtos pesqueiros.

Resaltar o papel que a Organización Común de Mercados concede a estas organizacións interprofesionais, encomendándolles mellorar a coordinación e as condicións para garantir a dispoñibilidade dos produtos pesqueiros no mercado que sexan obxecto da súa actividade.

CUARTO:

O Regulamento (UE) núm. 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, dentro do Eixo 5, e no artigo 68, recolle que o FEMP poderá apoiar medidas de apoio á comercialización e á transformación (Medida 5.1.3. Medidas de comercialización), encamiñadas a aplicar unha política de calidade e valorización.

Así pois, o obxecto do acordo considérase que cumpre cos requisitos de elixibilidade (S) establecidos no Programa Operativo do FEMP 2014-2020 de España para o Obxectivo/Medida do FEMP, 5.1.3: Medidas de comercialización,

Así mesmo, consideraranse elixibles (S) tódolos custes segundo o previsto no artigo 69 do REGULAMENTO (UE) Nº 1303/2013 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 17 de decembro de 2013 polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca.

Polo tanto, de conformidade co disposto no artigo 95 do REGULAMENTO (UE) Nº 508/2014, a porcentaxe do investimento elixible será do 100%.

QUINTO

Á Consellería do Mar correspóndelle a realización de accións de promoción dos produtos da pesca e da acuicultura así como a realización de accións que fomenten as denominacións de orixe e os distintivos de calidade, por isto é consciente de que a valorización dos produtos do mar por parte dos consumidores finais constitúe un dos principais eixes da política de mellora de comercialización pesqueira, xa que logo, repercute directamente sobre a demanda deses produtos.

Neste sentido, e dentro do marco de actuacións da Consellería do Mar, figuran como accións fundamentais deste proceso a participación e colaboración da consellería con entidades significativas que teñan como finalidade dar a coñecer, entre outros, os produtos procedentes da pesca extractiva.

SEXTO

Que por canto a Consellería do Mar e a INTERFISH-ESPAÑA están interesados na potenciación de todas aquelas cuestións relacionadas coas especies comerciais obxecto deste convenio, integrando a cadea de valor do sector en favor de intereses comúns e creando sinerxías para superar os retos actuais, entre eles o fomento do consumo de produtos pesqueiros.

No marco do presente convenio desenvolveranse diversas accións de promoción das capturas de quenlla e mellora da súa comercialización como poden ser xornadas de exposición de claves de futuro para o sector, participación en feiras de produtos do mar como Conxemar 2023, edición de receitairos en diferentes formatos, así como realización de campañas de promoción para fomento do consumo de quenlla.

SÉTIMO

Que as partes anteriormente referenciadas consideran de mutuo interese a realización dunha serie de accións que redunden nunha mellora do sector pesqueiro e as industrias relacionadas en materias tales como comercialización, promoción e fomento do consumo da quenlla.

OITAVO

Que para o desenvolvemento das actividades que se indican máis adiante, as partes, de forma conxunta, dispoñen de medios humanos e materiais suficientes.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes cláusulas.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e INTERFISH-ESPAÑA para a coordinación de accións de promoción dos produtos pesqueiros e a mellora da súa comercialización para as especies recoñecidas a esta Organización. As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que seguen:

1. Congreso sobre sostenibilidade do palagre de superficie

O sector pesqueiro de Galicia, no contexto actual, ten cada vez maiores esixencias en materia de sostenibilidade que deben ser atendidas para así lograr o mantemento do sector ao longo do tempo. Non só a sostenibilidade entendida como ambiental senón tamén nos ámbitos económico e social deben ser tidos en conta de cara a alcanzar una sostenibilidade plena.

Para poder abordar estas esixencias considérase axeitado realizar un congreso para tratar a **sostenibilidade no palangre de superficie**, sendo este arte de pesca a que captura o 100% da quenlla, e que na actualidade está a atravesar serias ameazas en relación directa coa sostenibilidade na súa dimensión ambiental

2. Elaboración de receitairo en diversos formatos e difusión do mesmo entre o público xeral

Os produtos do mar son un elemento esencial para poder levar unha vida sa e saudable, cos cales os consumidores poderían lograr cubrir unha grande parte das súas necesidades diarias de proteínas e vitaminas, pero moitas veces o problema que teñen estes consumidores é saber como poder preparalas, máxime nesta especie (quenlla) respecto da que o 50% da poboación descoñece a súa existencia e onde só o 19% da poboación española manifesta tela consumida en los últimos 6 meses

Por iso, considérase importante, de cara a mellorar a comercialización desta especie fomentando a súa demanda, ensinar como poder elaborar e presentar pratos a base da quenlla. Elaborarase un receitairo en formato papel e dixital, que será acompañado coa elaboración de vídeos tutoriais de elaboración das receitas desenvolvidas por expertos e coñecidos cociñeiros galegos. Para a difusión deste receitairo escolleranse os canais adecuados en función do formato e do público obxectivos, escollendo mercados de abastos de Galicia para chegar a

un público de mais idade e a través de redes sociais como YouTube, Instagram ou TikTok para impactar nun público mais xove.

3. Participación en feiras sectoriais

Coñecer o mercado dos produtos conxelados, e dar a coñecer a quenlla entre os potenciais compradores profesionais pódese traballar a partir da asistencia á Feira Conxemar en 2023 cun stand, sendo o mellor escaparate cunha proxección internacional do produto que representa a Interprofesional a día de hoxe e tamén potenciales que poda representar nun futuro, das capturas da mesma flota.

INTERFISH_ESPAÑA a través deste convenio, tamén materializará a súa participación noutras feiras sectoriais e certames de cara á promoción dos produtos dos membros da organización, de cara á mellora da comercialización destes produtos; ademais de realizar unha análise de produtos, innovacións técnicas, investigación e iniciativas de maioristas, importadores, exportadores, transformadores, fabricantes, distribuidores, empresas frigoríficas, maquinaria e industria auxiliar.

4. Promoción e posicionamento

Co obxectivo de posicionar o produto no mercado, e satisfacer a clientes e aumentar as súas vendas, considerase adecuado facer un deseño de distintos materiais de difusión promocional, para utilizar en todas as accións anteriores. Os máis idóneos poden ser libretas, bolígrafos, mochilas, ... etc.

SEGUNDA.- CONDICIÓNS ECONÓMICAS.

A Consellería do Mar contribuirá á realización das accións comprendidas no obxecto do presente convenio cunha achega económica, que ten como finalidade compensar a INTERFISH-ESPAÑA polos gastos nos que incorre como consecuencia de levar a cabo as

actuacións obxecto do convenio, cifradas na cantidade de noventa e cinco mil cento sesenta e seis euros con cincuenta céntimos (95.166,50 €), con cargo á aplicación orzamentaria 15.02.723B 640.0, código de proxecto 2016 00286 S, dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse pola súa propia natureza como un activo configurado como un investimento de carácter intanxible que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais de carácter material.

As actuacións recollidas no presente convenio (Anexo A) son financiáveis, nun 75 %, co Fondo Europeo Marítimo da Pesca (FEMP). Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende a través da contratación que se propón no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Medida do FEMP: 5.1.3: Medidas de comercialización, prevista no artigo 68 do Regulamento (UE) 508/2014, do 15 de maio. Esta participación farase constar en todas cantas actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.

INTERFISH-ESPAÑA empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.

Poderanse facer pagos parciais contra da presentación das facturas polos investimentos inmateriais realizadas, ás que se xuntarán as memorias de cada actividade e as certificacións actualizadas expedidas por cadansúa administración que acrediten que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa administración da Xunta de Galicia. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para estes efectos.

Para facer efectivo o último pagamento presentarán a memoria final á que se fai referencia na cláusula terceira seguinte.

TERCEIRA.- OBRIGAS

INTERFISH-ESPAÑA obrígase a realizar as accións especificadas na cláusula primeira do presente convenio.

No marco do presente convenio, INTERFISH-ESPAÑA obrígase a facer constar a participación da Xunta de Galicia e do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste convenio.

Finalmente presentará diante da Consellería do Mar unha memoria descritiva da realización do obxecto do convenio: así como unha conta de resultados en relación á finalidade do convenio, que abranza todos os gastos e ingresos nos que se incorreu na organización das accións obxecto do convenio.

Ademais, deberá aportar xustificantes dos gastos realizados, que consistirán, de forma xeral, nas facturas desagregadas e demais xustificantes de gasto de valor probatorio equivalente, contratos (de obra ou servizo) e nóminas, detallados o máximo posible. Así mesmo deberá presentar xustificantes de pago referidos as facturas e demais xustificantes de gastos aportados. Os xustificantes bancarios deberán soportar o número de factura ou facturas pagadas no caso de transferencias, así como o beneficiario, importe, emisor e data, entre outros, de tal xeito que se poida seguir a rastrexabilidade da operación xustificada. A documentación acreditativa das actividades descritas no parágrafo primeiro deberá ser presentada á Consellería do Mar antes do 30 de novembro de 2023.

CUARTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A realización das actuacións previstas neste convenio non levará consigo ningún tipo de relación de carácter laboral entre a Consellería do Mar e as persoas que interveñan ou puideran intervir na súa execución, sendo a INTERFISH-ESPAÑA responsable das obrigas

sociais e laborais que se puideran derivar da contratación, pola mesma, do referido persoal.

QUINTA.- SEGUIMIENTO.

Aos efectos de coidar do cumprimento de estipulado no presente convenio créase unha Comisión de Seguimento do mesmo, que estará composta polo xefe do Servizo de Mercados, en representación da Consellería do Mar, e polo Asesor Xurídico de INTERFISH-ESPAÑA. A dita comisión, que se xuntará a petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

Neste senso, INTERFISH-ESPAÑA atenderá ás indicacións, suxestións e requirimentos que se lle formulen desde a Consellería do Mar en relación co obxecto do presente convenio.

Será necesario que durante a execución das diferentes actividades a Consellería do Mar dispoña de toda a información dos eventos e que de o seu visto e praxe antes da súa realización.

SEXTA.- VIXENCIA.

A vixencia do presente convenio estenderase desde a súa sinatura e ata o 30 de novembro de 2023, non sendo susceptible de prórroga.

SÉTIMA.- RESOLUCIÓN

Serán causa de resolución do convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

OITAVA.- CARACTER DO CONVENIO

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada Lei.

A tramitación do presente convenio é ordinaria e anticipada de gasto e existe crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2023, aprobado o 18 de outubro de 2022 polo Consello da Xunta, e xustifícase porque é necesario comezar coas actuacións recollidas no convenio nos primeiros meses de 2023. O desenvolvemento do presente convenio queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas da súa execución.

NOVENA.- LITIXIOS.

As cuestións controvertidas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán ser solucionadas pola Comisión de Seguimento á que se refire a cláusula quinta anterior. Se non se puidera alcanzar dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso- administrativa.

DÉCIMA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES NO PORTAL DE TRANSPARENCIA

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o

seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data ao comezo indicados.

Pola Consellería do Mar

Por INTERFISH-ESPAÑA

P.D. Orde do 21/02/2022, DOG núm. 41, do
01/03/2022

Presidente

O director xeral de Pesca, Acuicultura e
Innovación Tecnolóxica

Juan Carlos Martín Fragueiro

Antonio Basanta Fernández

ANEXO A: Orzamento das actividades do Convenio entre a Consellería do Mar da Xunta de Galicia e a Asociación Interprofesional INTERFISH-ESPAÑA para a promoción e a mellora da comercialización da quenlla (*prionace glauca*)

ACCION	COSTE TOTAL (*)	50% APORTACIÓN CONSELLERIA DO MAR	50% APORTACIÓN INTERFISH- ESPAÑA
Realización II Congreso Interfish "A sostenibilidade da pesquería da quenlla"	42.350,00	21.175,00	21.175,00
Presencia en Feira Conxemar 2023	58.080,00	29.040,00	29.040,00
Producción material merchandising	16.940,00	8.470,00	8.470,00
Elaboración e edición material didáctico incentivación al consumo de quenlla	72.963,00	36.481,50	36.481,50
	190.333,00	95.166,50	95.166,50

(*) 21 % engadido